

## NOTA DE PRENSA

# **A Asociación Área Empresarial do Tambre celebra mañá martes e o mércores un curso gratuito de xestión preventiva de emerxencias**

## **Ábrese a inscrición para formación especializada na prevención en traballos de carpintería metálica para o mes de outubro**

### **Forman parte do Plan de Formación de Prevención de Riscos Laborais 2019, organizados en colaboración coa CEG e a CEC e o financiamento da Xunta de Galicia**

---

*Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2019 (Vía Láctea Comunicación).*- A Asociación Área Empresarial do Tambre (AAET) acolle mañá martes 17 e o mércores 18 de setembro un curso gratuito de **xestión preventiva de emerxencias**, organizado no marco do Plan de Formación de Prevención de Riscos Laborais (PRL) 2019 en colaboración coa Confederación de Empresarios de Galicia (CEG) e a Confederación de Empresarios de La Coruña (CEC) e o financiamento da Xunta de Galicia. Celebrarase no Centro Empresarial do Tambre, horario de 9:00 a 14:00 horas.

O curso pretende garantir as actuacións a desenvolver nun centro de traballo en caso de declararse unha situación de emerxencia. Durante dez horas, os asistentes terán coñecemento dos aspectos chave para a abordaxe dunha emerxencia, tendo en conta a importancia da preparación do persoal, a realización de simulacros e a disposición de equipos de actuación nestas situacións. Recibirán nocións sobre a xestión de emerxencias, a teoría do lume, o funcionamento dos medios móbiles de extinción – extintores, bocas de incendio equipadas, hidrantes–, e información sobre os equipos de respiración autónoma. Na parte práctica da formación, os alumnos coñecerán unha unidade móbil ou manipularán un extintor portátil, entre outras prácticas. Trátase dunha acción formativa transversal e de interese para calquera tipo de actividade empresarial.

Ademais, a Asociación Área Empresarial do Tambre acollerá un curso de prevención en **traballos de carpintería metálica**. Trátase dunha formación especializada por oficio que nesta ocasión se dirixe ao sector do metal. Impartirase do 1 ao 4 de outubro no Centro Empresarial do Tambre en horario de 9:00 a 14:00 horas. Impartiranse

O metal é un sector estratéxico que desenvolve actividades complexas a nivel técnico e organizacional, e nos que a PRL se converte nun pilar fundamental para a competitividade das empresas. Este sector conta cun convenio propio no que se recollen accións formativas de PRL, en función do oficio do traballador. Nesta ocasión, celebrarase un curso de vinte horas de traballos de carpintería metálica, no que se abordarán aspectos como a definición dos traballos, técnicas preventivas específicas, medios auxiliares ou equipos e ferramentas. **As persoas interesadas en participar deben inscribirse a través do mail [aepit@poligonotambre.com](mailto:aepit@poligonotambre.com) ou no teléfono 981 552 850.**

A responsable do departamento de Prevención de Riscos Laborais da Confederación de Empresarios de La Coruña (CEC), **María Botana**, sinala que estas dúas accións formativas son de interese para o fomento da prevención de riscos laborais –PRL– na contorna empresarial compostelá. “Estas accións foron identificadas entre o tecido empresarial como ferramentas para a mellora das condicións de traballo e como garante dunha aposta firme pola cultura de seguridade e saúde laboral” –explica–.

María Botana sinala que se organizan diferentes cursos ata finais do mes de outubro na Asociación Área Empresarial do Tambre. Son accións formativas con contido práctico e conceptos teóricos no manexo de equipos ou para a execución de determinadas tarefas de forma segura. “A formación en PRL contribúe a incrementar a cultura preventiva do noso tecido empresarial e por iso, as confederacións e as súas asociacións membro adquiren o compromiso de executar un plan de formación en PRL que dinamice o cumprimento preventivo” –destaca Botana–.

O Plan de Formación PRL 2019, que executa a Confederación coruñesa, enmárcase nas axudas que a Xunta de Galicia convoca para o fomento da prevención de riscos laborais na provincia. A través da Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), a CEC impulsa actuacións en materia de prevención para a mellora dos recursos preventivos de empresas e traballadores.

## **SAÚDOS**

**PRENSA Área Empresarial do Tambre**

**981 55 44 07/ 698137890**

**[www.poligonotambre.com/es](http://www.poligonotambre.com/es)**